

80 Aniversario do Museo Provincial de Lugo. Crónica dun acto

Fernando Arribas Arias
Antonio Reigosa Carreiras

Resumo: Recollemos neste pequeno artigo a crónica do acto de homenaxe, celebrado o 29 de febreiro de 2012, aos membros da Corporación Provincial que tomaron o acordo de crear o Museo Provincial de Lugo.

Resumen: Recogemos en este pequeño artículo la crónica del acto de homenaje, celebrado el 29 de febrero de 2012, a los miembros de la Corporación Provincial que tomaron el acuerdo de crear el Museo Provincial de Lugo.

Abstract: We gather in this small article the chronicle of the act of honoring, celebrated the 29th of February 2012, to the members of the Corporación Provincial who took the agreement to create the Museo Provincial of Lugo.

O día 29 de febreiro de 2012 cumpríronse 80 anos da creación do Museo Provincial de Lugo, acordo tomado na sesión da Deputación Provincial de Lugo do 29 de febreiro de 1932. Foi, xa que logo, unha corporación provincial dos tempos da República a que levou adiante esta vontade de dotar a cidade, e por extensión a toda a provincia de Lugo, dun museo co obxecto de reunir e protexer os bens do patrimonio cultural lucense, nun exemplo máis da sensibilidade das autoridades republicanas coa cultura. Este acordo materializouse o 10 de xaneiro de 1934 coa apertura na ala sur do Pazo de San Marcos de diversas salas.

Formaban parte da Corporación Provincial que tomou o acordo de creación do Museo Provincial de Lugo as seguintes persoas:

- D. Daniel Vázquez Campo
- D. José Rodríguez López
- D. Juan Tizón Herreros
- D. Carlos Vázquez Fernández-Pimentel
- D. Victorino Castro Ves
- D. José López Santos
- D. José Rodríguez Ferreiro
- D. Salustiano Carro Crespo
- Secretario: D. Antonio Millán y Millán

Ao mesmo tempo, esta Corporación provincial acordou a constitución da primeira Xunta Xestora do Museo Provincial de Lugo, que estaba integrada polas seguintes persoas:

- D. Juan Tizón Herreros (representante da Deputación)
- D. Carlos Vázquez Fernández-Pimentel (representante da Deputación)
- D. Salustiano Carro Crespo (representante da Deputación)
- D. Luis López Martí (director do Museo Diocesano)
- D. Ramón Martínez López. (profesor do Instituto de Lugo)
- D.^a Amparo Otero Lucio. (profesora de Maxisterio)
- D. Manuel Pardo Baliña (médico)
- D. Alfredo Lorenzo López (membro do Seminario Conciliar, fundador do Museo Diocesano)
- D. Manuel Pérez Saavedra (Escola de Artes e Oficios)
- D. Alfredo Vila López (arquitecto Provincial)
- D. Manuel Vázquez Seijas (interventor da Deputación)

A estes nomes hai que engadirlle o de Antonio Méndez Casal, persoa que se volcou na creación do Museo Provincial de Lugo cedendo un bo número de obras que se atopaban na daquela Museo de Arte Moderna, entidade da que era vicepresidente, e que aínda hoxe permanecen no museo lucense.

Para conmemorar a efeméride da creación do Museo Provincial de Lugo, o Departamento de Comunicación e Xestión Cultural e o Departamento de Difusión da Rede Museística Provincial propuxéranlle á Xerencia da Rede a organización dun acto de homenaxe aos membros desta Corporación Provincial, proposta que foi aceptada pola Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Os actos do homenaxe tiveron lugar o día 29 de febreiro de 2012, xa que se deu a casualidade de que este ano do 80 aniversario tamén era bisesto.

Os actos comezaron ás 20,00 horas coa recepción aos convidados por parte do vicepresidente da Deputación, D. Antonio Veiga Outeiro; do deputado-delegado de Cultura e Turismo, D. Mario Outeiro Iglesias; da xerente da Rede Museística, D.^a Encarnación Lago González e da directora do Museo Provincial de Lugo, D.^a Aurelia Balseiro García. A continuación, o vicepresidente e o delegado de cultura e turismo procederon ao descubrimento dunha placa conmemorativa do 80 aniversario da creación do MPL co seguinte texto:

“Aos membros da corporación republicana da Deputación de Lugo que o 29 de febreiro de 1932 tomaron o acordo de creación do Museo Provincial de Lugo: Daniel Vázquez Campo, José Rodríguez López, Juan Tizón Herreros, Carlos Vázquez Fernández-Pimentel, Victorino Castro Ves, José López Santos, José Rodríguez Ferreiro e Salustiano Carro Crespo.

In memoriam

Lugo, 29 de febreiro de 2012.”

Acto seguido, os asistentes acomodáronse no Refectorio e constituíuse a presidencia, formada por Antonio Veiga Outeiro, Mario Outeiro Iglesias e a historiadora María Jesús Souto Blanco que, nesta orde, pronunciaron os discursos que figuran como anexos a esta crónica. Unha vez rematados estes discursos protocolarios, o grupo vocal Solo Voces procedeu a interpretar o *Himno Galego* co que se puxo fin a este acto de homenaxe.

Cómpre salientar que entre o numeroso público asistente se atopaban descendentes de Salustiano Carro Crespo e de Carlos Vázquez Fernández Pimentel.

Anexos

Discurso de D. Antonio Veiga Outeiro, vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo.

“Amigas e amigos:

Boa tarde e benvidos a este 80 aniversario da fundación do “Museo de Lugo”, 80 anos, á vista está, moi ben levados, 80 anos que serviron, non hai dúbida, para enriquecer e darlle continuidade á obra dos fundadores, 80 anos, tédeo por certo, que anuncian outros moitos máis, tendo en conta a resposta que a cidadanía lle da aos actos que nel se celebran, e contando sempre coa entrega dos traballadores e das traballadoras do mesmo e por suposto co compromiso, neste caso, da área de Cultura da Deputación Provincial.

Son polo tanto, moitas as razóns para estar hoxe de celebración, e neste sentido non podo máis que expresar o noso agradecemento con todos os presentes así como afirmar a nosa vontade de que tanto este Museo como o conxunto dos que componen a Rede Museística siga a ser unha referencia de cultura, un foco que irradie instrución e coñecemento ao seu contorno, un instrumento para enchernos colectivamente, un imán que nos achegue ao que se crea pero que tamén sirva de escaparate ao que nós creamos.

Benvidos logo a este acto, un acto sinxelo pero sentido.

Sinxelo, como sinxelos foron aqueles homes e tamén mulleres que puxeron en pé esta grande obra da cultura. E sentido, como sentida é a nosa admiración cara eles, pola súa honestidade, pola súa traxectoria vital e tamén polo seu compromiso coa cultura. Honestidade en canto que foron rexedores públicos, servidores dos cidadáns dun xeito especial, isto é, cando o servizo público era un compromiso co ideal, compromiso co ideal que deixaron claro cando por ideas se morría e das ideas non se vivía.

E como non, compromiso coa cultura. Eles, que lles tocou vivir un momento no que as administracións públicas vivían na indixencia, sabían que en cultura non se pode recortar, porque a cultura é un investimento e non un gasto. Quedémonos tamén con este exemplo, exemplo que en tempos como os actuais cobra meirande importancia, cando a austeridade se converte nunha desculpa para recortar en cultura.

E cando se nos dí que a cultura é algo prescindíbel, que dela non se come, nós pensamos coma eles e afirmamos que a cultura é o único vieiro para exercer a liberdade e coma eles acreditamos en que a cultura é o que nos dignifica e o que nos fai existentes.

Se afirmamos hoxe aquí o noso compromiso coa cultura, é tamén por convicción democrática, porque o combate contra a cultura era o discurso daqueles que nun momento perseguiron a algúns destes homes que hoxe homenaxeamos.

Nós non vimos daqueles que barruntaban no paraninfo da Universidade de Salamanca que “*cuando escucho la palabra cultura me llevo la mano a la pistola*”, nós vimos doutra tradición, da tradición da que formaban parte os fundadores da entidade, deses fundadores que vos falarán aquí de xeito máis detido posteriormente.

O noso non é un compromiso co pasado senón coa memoria, porque xa afirmaba Castelao, “*a memoria traslada ao presente aquilo do pasado que aspira a a perpetuarse ou facerse realidade no futuro*”.

E por iso hoxe botamos man da memoria para compartir neste edificio, deseñado por Durán Loriga e executado, trala morte do primeiro, por Gómez Román, o secretario xeral do Partido Galeguista, tempo e compromisos cos pais fundadores do Museo para situalos no lugar que lles corresponde, para honralos e tamén para abrir ventás que dean luz aos perdedores, a todo ese relato de silencio que a ditadura construíu con medo.

A cultura é hoxe unha arma contra o medo e contra a resignación e nós simplemente facemos bons, aqueles versos de Luís Cernuda, que o grande historiador Fraser utilizou para titular o seu magno traballo sobre a Guerra e o Franquismo, Recuerdalo tu, recuerdalo a otros”.

Discurso de D. Mario Outeiro Iglesias, deputado-delegado da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

“Tal día coma hoxe de hai 80 anos, un 29 de febreiro de 1932, a corporación provisional da Deputación de Lugo, toma, entre outros acordos, o de “crear un museo de carácter provincial que se instalará nunha das súas dependencias e no que non só serán expostos e catalogados os obxectos de mérito antigo senón que tamén cantas obras de arte moderna fosen dignas de figurar no mesmo”.

Integraban aquela corporación baixo a presidencia de Daniel Vázquez Campo, José Rodríguez López, Juan Tizón Herreros, Carlos Vázquez Fernández-Pimentel, Victorino Castro Ves, José López Santos, José Rodríguez Ferreiro, Salustiano Carro Crespo, actuando com o secretario Antonio Millán y Millán.

Esta corporación política, acorda ademais na mesma sesión crear e designar os membros da primeira xunta xestora do Museo Provincial de Lugo que queda composta polas seguintes persoas: Juan Tizón Herreros, Carlos Vázquez Fernández-Pimentel e Salustiano Carro Crespo en representación da Deputación, Luis López Martí, entón director do Museo Diocesano e máis adiante primeiro director deste Museo, Ramón Martínez López, profesor do Instituto de Lugo, fundador do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos, Amparo Otero Lucio, profesora da Escola de Maxisterio, Manuel Pardo Baliña, médico, Alfredo Lorenzo López, crego fundador do Museo Diocesano, Manuel Pérez Saavedra, artista e profesor da Escola de Artes e Oficios, Alfredo Vila López, arquitecto provincial, Manuel Vázquez Seijas, entón Interventor da Deputación e andando o tempo director deste Museo desde 1948 a 1982.

Celebramos hoxe a transcendencia daquela decisión da primeira corporación republicana e democrática da que formaban parte persoas moi relevantes tanto da vida cultural como política do momento, moitos deles logo represaliados con motivo do golpe militar de 1936, tras aquel quinquenio glorioso, en palabras de Rafael Dieste, que “*resultou ser unha festa pero que acabou de maneira sanguiñenta*”.

Entre estes nomes, a pesar de que as forzas vivas daquel Lugo eran maioritariamente conservadores e tradicionalistas, había unha representación de carácter moi plural, a maioría deles persoas vencellados á actividade política, ao ensino, ao xornalismo, á literatura, á xestión cultural e ao mundo artístico en xeral.

Tras a chegada dos bárbaros en 1936 algún deles (Juan Tizón Herreros, Carlos Vázquez Fernández Pimentel ou Ramón Martínez López) foron represaliados ou deportados por cometer o grave delito de ter ideas guiadas pola idea de liberdade e democracia.

Foi verdade por un tempo o que pregoaba a primeira estrofa do himno que o músico lucense Gustavo Freire compuxo para honrar a República.

*Xa chegaron os vos tempos
d'a esperada Libertad.
Xa Galiza hoxe respira
Dnd'os campos á cibdá (sic)*

Foi verdade ata que Atila, como diría Castelao, esmagou aquela emoción.

Convocamos, xa que logo, este acto porque é de xustiza contribuir á verdade da memoria histórica, tamén para reivindicar e traer ao presente o nome dunhas persoas sensibles e conscientes do valor educativo e da necesidade de conservar o patrimonio histórico-artístico, e, sobre todo, para recoñecelos e facer público o mérito que lles corresponde ao tomar unha decisión transcendental para a conservación do patrimonio da provincia de Lugo.

Naquel Lugo de 1932 que se incorporaba a Europa, que se impregnaba da filosofía das vangardas europeas, un anxeio xa explorado anos antes polas “Irmandades”, grazas a que o novo rexime traía canda si os ingredientes imprescindibles para o progreso e a cultura: liberdade e ilusión, naquela cidade de 1932, convulsa pero viva e ilusionada, que homenaxeou entusiasmada a Castelao, rúas que pisaron Casares Quiroga e García Lorca tamén naquel mesmo ano, que viu nacer xornais, partidos políticos, sindicatos ou asociación de todo tipo e ideoloxía naceu, no papel, o Museo Provincial de Lugo.

Case dous anos despois, este acordo faise realidade coa apertura ao público, o 10 de xaneiro de 1934, de varias salas do MPL, daquela instalado na planta baixa do edificio da Deputación Provincial.

É de xustiza lembrar tamén neste acto a Antonio Méndez Casal, que se volcou en dotar ao noso museo de fondos, cedendo un bo número de obras do hoxe desaparecido Museo de Arte Moderna de Madrid, institución da que era vicepresidente, se que aínda hoxe permanecen no Museo Provincial de Lugo.

A este nome temos que engadir tamén os dos benfeitores López Suárez, Fernández López e Gil Varela por citar só ós máis sobranceiros, pois o Museo Provincial de Lugo nutriuse, nunha boa parte, de múltiples achegas de máis de cincocentos doantes que coas súas modestas e altruistas aportacións fixeron do noso museo un dos máis importantes no seu xénero.

O continuo incremento de fondos fixo que as dependencias da Deputación resultasen axiña insuficientes, polo que se decidiu o seu traslado ao antigo Convento de San Francisco. Do proxecto do novo edificio encárgase Manuel Gómez Román, arquitecto vigués amigo de Castelao e membro do Partido Galeguista, que será inaugurado o 18 de setembro de 1957.

Hoxe o Museo Provincial de Lugo é unha gran realidade. Con oitenta anos de historia ás súas costas, é unha institución cultural referente en Galicia que forma parte dunha Rede Museística que constitúe o elemento dinamizador cultural máis relevante da nosa provincia.

Pero esta realidade só foi posible grazas a estes homes que hoxe homenaxeamos, porque eles tiveron a visión e a vontade política de levar adiante este proxecto.”

Discurso de D.^a María Jesús Souto Blanco, historiadora.

“Antes de nada, quero agradecer a invitación dos organizadores deste evento para participar nel en calidade de historiadora e, como tal, contextualizar a efeméride que vimos conmemorar, e presentar unha breve semblanza dos xestores provinciais que tomaron o acordo da creación do Museo Provincial de Lugo.

Temporalmente temos que situarnos nos primeiros anos da II República, réxime moi preocupado pola reforma do ensino e a extensión cultural. O legado da Institución Libre de Ensinanza tivo bastante que ver con esta inqueda, sentida en Lugo, sobre todo, por unha elite intelectual con cargos de representatividade en diversas institucións de carácter social e político. Deste xeito, a nova xestora republicana da Corporación Provincial de Lugo potenciará orzamentariamente o ensino, mediante a aprobación en 1931 para o ano 1932 dun incremento de gastos en concepto de subvencións e bolsas destinadas á Instrución pública: contribucións ás obras da Casa-Escuela de Romeán (Vilalba), ao Instituto Nacional de 2.^a Ensinanza para material da escola preparatoria do centro, á adquisición de material para as escolas de nenos e nenas da casa municipal de beneficencia de Lugo, á edición da obra *Relicario Monumental de Galicia*, á comisión organizadora das xornadas médicas que se tiña previsto celebrar en Lugo, ás excursións científicas de profesores e alumnos do Instituto nacional de 2.^a Ensinanza de Lugo e, finalmente, entre outras axudas, acórdase aumentar a bolsa especial para ampliar os estudos de canto de D. Valeriano González Abraido en Milán. Como é sabido, a isto engádese en 1932, na data que hoxe conmemoramos, a aprobación da creación do Museo Provincial.

Debo reseñar que todos estes acordos dos anos 31 e 32 foron tomados nun contexto de aguda crise económica derivada do crack da Bolsa do 29 nos Estados Unidos de América, que chegou ao Estado español cun par de anos de demora, acompañada do retorno dos emigrantes galegos, de tal xeito que a etapa de 1931-1940 e ata 1971 é o único período

intercensal do século XX que rexistra tal retorno e o conseqüente cambio do saldo migratorio, secularmente negativo en Lugo. Isto provocou un incremento das altas taxas de desemprego, endémico na nosa cidade. A este escenario sumouse unha situación de fonda ruptura social, sobre todo a raíz da promulgación en xaneiro de 1932 do Decreto de disolución da Compañía de Jesús, da secularización dos Camposantos e a Lei do divorcio, que xeraron unha forte oposición por parte da Igrexa e antigos líderes monárquicos e social-católicos, imposibilitando á consolidación do novo réxime republicano, máxime nunha provincia de fondas raíces católicas como Lugo. A pesar deste panorama, a opción cultural e ideolóxica da xuventude intelectual republicana lucense, falamos dos irmáns Ánxel, Salvador e Desiderio Fole, Avelino López Otero, Francisco Lamas, Luis e Mercedes Vázquez Fernández-Pimentel, Ramón Piñeiro, etc. consideraba que o problema básico de España, máis alá do económico, era o analfabetismo, proclamando na revista *Yunque* que a cultura era consustancial à dignidade humana co contundente aforismo –non só de pan vive o home–.

Da sociedade e dos gobernantes depende que non sexa a cultura o primeiro que se sacrifica nas situacións adversas. A escolla entre o urxente e o importante, ou, como se diría nos termos do planeamento moderno, entre o curto e o longo prazo, foi un dilema que se afrontou repetidamente en Lugo.

Un bo exemplo témolo nas vicisitudes que sufriu a muralla, monumento emblemático que correu un gran risco de desaparecer. A demolición da muralla era unha repetida demanda popular por considerala un freo para a expansión da cidade. O conspicuo político católico-conservador, D. Ángel López Pérez, alcalde na Restauración e Ditadura de Primo de Rivera, foi receptivo a esas demandas, ordenando en 1921 a voadura dun tramo da muralla, iniciativa entón moi cuestionada fora de Lugo, polo que, para protexela, foi declarada monumento nacional. Esta actuación de D. Ángel López e algunhas outras de carácter urbanístico reprobadas actualmente por especialistas na materia, non o foron na altura polos nosos paisanos, valéndolle a D. Ángel ser considerado (aínda hoxe por moitos) como o mellor alcalde que tivo este concello.

A cuestión da permanencia da muralla fórmulase de novo dez anos despois, na República. No entanto, con este réxime, dirixentes locais e provinciais como o socialista D. Carlos Vázquez Fernández-Pimentel, opuxéronse á petición popular de revertir a condición de monumento nacional da muralla, o que tería posibilitado a súa eliminación. Afortunadamente, nunha continxencia menos próspera como a descrita ao principio, os dirixentes republicanos lucenses, ao contrario que os monárquicos alfonsinos antes, e os franquistas despois, entre o urxente e o importante, optaron polo importante ou, se prefiren, polo transcendente, xa que como explicaba o catedrático D. Carlos Castilla del Pino: [los errores urbanísticos] *tienen la desdichada propiedad de ser imperecederos, se adueñan de la ciudad y se imponen a ella para siempre, como una pesadilla interminable para visitantes y, sobre todo, para sus habitantes cuya memoria destruye irreparablemente.*

Esa mesma visión intelectual e política dos que Trapero Pardo chamou –entusiasmas e cultos lucenses– foi a que permitiu que hoxe esteamos aquí celebrando o 80 aniversario do acordo da creación do Museo Provincial de Lugo. Quero deixar aquí

un breve apunte dos protagonistas desa decisión, que iría marcar a historia de Lugo e, sobre todo, a forma en que esta cidade conservaría esa historia no futuro:

Dende a perspectiva partidista, a Organización Republicana Galega, coñecida como ORGA, era o partido dominante na Corporación provincial que tomou o acordo. Catro deputados dun total de sete pertencían a esa organización:

D. *José Rodríguez López*, concelleiro de Lourenzá representaba ao distrito de Mondoñedo-Ribadeo. D. *José López Santos*, concelleiro de Viveiro, estaba polo distrito Vilalba-Viveiro. O representante polo distrito de Lugo era D. Salustiano Carro Crespo, comerciante e Presidente dende 1931 do Instituto da Cultura Galega de Lugo, que tiña como obxectivo promover o local e o galego no campo da cultura. Finalmente, polo distrito de Chantada-Sarria, estaba D. *Daniel Vázquez Campo*, presidente da Comisión Xestora da Deputación dende abril de 1931 ate xullo de 1932; chantandino, avogado, colaborador dun semanario local, foi Presidente-fundador en 1930 da Organización Republicana dese concello e ademais de xestor Provincial foi elixido Deputado a Cortes na legislatura 1931-1933 pola Federación Republicana Galega.

Dous deputados provinciais representaban á Agrupación Socialista. Destaco en primeiro lugar pola súa militancia de moitos anos, a D. *Juan Tizón Herrerros*, que figuraba polo distrito Monforte-Quiroga (recentemente publicouse a súa obra inédita e biografía nun libro homenaxe editado pola fundación Luís Tilve), era un traballador do ferrocarril, escritor, colaborador da prensa obreira. Ademais de militante da Agrupación Socialista de Monforte, fundou a sede da UGT dese concello, sendo elixido Alcalde da primeira Xestora Municipal republicana de Monforte. Xunto con outros dirixentes socialistas, estivo na cárcere provincial cando a revolución de outubro de 1934 por tenencia de explosivos, polo que sería condenado a varios anos de prisión. Volveu a ser Alcalde en marzo de 1936, converténdose no último da República en Monforte. Perseguido polos sublevados, tivo que fuxir a Portugal, onde morreu en 1945.

O médico, D. *Carlos Vázquez Fernández-Pimentel* polo distrito de Lugo, foi o segundo Deputado Provincial socialista. Por influencia do seu padrao o tamén médico, Germán Alonso Hortas, cursou os estudos superiores en Madrid xunto cos seus irmáns en busca dun ensino avanzado e renovador, segundo revela o historiador D. Ricardo Gurriarán no seu libro *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago, 1900-1940*. En palabras deste autor os Vázquez-Pimentel situábanse na “*burguesía ilustrada lucense con inquedanzas pola cultura e a formación liberal*” e fai saber ademais que durante a estancia de catro anos en Madrid, os irmáns estiveron aloxados na refinada Residencia de Estudantes, da que seguiron o seu principio de participación na política como elemento básico de compromiso social, deste xeito: José converteuse en dirixente do Partido Galeguista e Deputado Provincial por este partido en 1936; Carlos, ademais de vogal da Comisión Xestora Provincial ate febreiro de 1934, representou ao PSOE nos primeiros anos da Segunda República como primeiro tenente de Alcalde e, en febreiro de 1934 foi nomeado Alcalde por aclamación, cargo que desempeñou ate outubro dese ano. Pertencía tamén ao Comité de Cooperación Intelectual de Lugo, que tiña como obxectivo poñer ao alcance de tódolos cidadáns

parcelas de cultura que antes estaban reservadas ás elites alfonsinas, propiciando que entre 1932- 1933 viñeran a Lugo personalidades da cultura como Ramón Gómez de la Serna, Federico García Lorca, José Bergamín e Castelaio entre outros. Carlos Vázquez Fernández-Pimentel sería perseguido polo franquismo, por orde gubernativa foi multado co pago de 25000 pts. e confinado en Palencia en decembro de 1937, dous meses despois sería desterrado a Castropol durante un ano, tralo cal foille levantada a sanción non sen antes atender a varios feridos a conta do sanatorio Pimentel, doar cantidades superiores a 39000 pts para o Exército e milicias, así como o primeiro piso da súa casa para Secretaría de Falange.

Ademais diso foi sometido a un expediente de Responsabilidades Políticas en 1940, sendo sancionado co pago de 100 pts.

Con só un representante estaba Alianza Republicana na persoa de D. *Victorino Castro Vés*, que sería perseguido polo réxime franquista sendo acusado de pertencer á Loxia masónica Lucus nº 5.

Finalmente mencionar a D. *José Rodríguez Ferreiro*, agrarista, concelleiro da Fonsagrada, representante na Corporación Provincial do distrito de Fonsagrada-Becerreá.

A todos eles debemos unha boa parte do orgullo de ser lucenses.”

